

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIASPENDENTES

CURSO 2022-2023

1. MATERIA: LINGUA E LITERATURA GALEGAS CURSO: 3º ESO

2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:

O Departamento de Lingua e Literatura Galegas establece para o curso 2022-23 un sistema de atención e apoio ao alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores.

O alumnado que se ache nesta situación deberá dirixirse ao profesorado que lle imparta clases no presente curso, quen lle propoñerá as medidas de apoio oportunas e un plan de traballo específico, para facerlle un seguimento da súa aprendizaxe.

3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:

Os obxectivos e estándares de aprendizaxe serán os mínimos do nivel académico pendente e recóllense no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza, recollido na programación do Departamento de Galego do ano escolar 2021-22.

4. CRITERIOS

Priorizaranse a aprendizaxe das competencias que se consideren imprescindíbeis para que o alumnado poida usalas de maneira efectiva, aplicándoas en diferentes situacións e contextos.

Tamén se priorizará a reflexión, a aprendizaxe crítica e a aplicación dos coñecementos adquiridos.

Para a avaliación e cualificación do alumnado, terase en conta o boletín de actividades e as probas parciais programadas polo Departamento durante o ano escolar coas seguintes porcentaxes de nota:

- Boletín de actividades: 20% da nota.
- Proba oral: 10% da nota.
- Probas: 70% da nota.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:

O profesorado do nivel que cursa o alumno/-a entregarlle os boletíns de actividades para que traballe a materia pendente e guiará o alumnado na consecución dos seus obxectivos, resolvendo dúbidas e orientándoo no seu traballo.

6. RECURSOS:

- Boletín de exercicios.
- Aula virtual.
- Fotocopias ou libro.

7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:

Para superar a materia pendente, o alumnado deberá adquirir as competencias, obxectivos e estándares de aprendizaxe mínimos do nivel académico pendente, tendo que realizar o traballo proposto pola súa profesora e superar as probas programadas polo Departamento, que será unha por avaliación e, en caso de non superar a materia nas probas parciais, poderá facelo na ordinaria de maio.

O alumnado deberá entregar o boletín á súa profesora unha semana antes das datas fixadas polo Departamento para as probas de contidos.

Temporalización das probas:

- 1ª proba: 22 de novembro 2022, ás 10:50.
- 2ª proba: 7 de febreiro 2023, ás 10:50.
- 3ª proba: 18 de abril de 2023, ás 10:50.
- Proba ordinaria: 2 de maio 2023, ás 10:50.

As probas orais realizaranse unha semana antes das probas de contidos.

8. SEGUIMIENTO:

Será o profesor que imparta a materia de LeLG no nivel académico que curse o alumnado coa materia pendente quen faga o seguimento do seu traballo e tamén quen o examine e o avalíe.